

# RECOMENDACIÓN “FRESQUIÑAS” DE LECTURAS PARA VERÁN 2020




*Dende A Esperela, neste verán atípico que xa está a chamar á nosa porta, queremos recomendarvos unha serie de lecturas que están nos nosos fondos.*

# GALEGO




Es quen de mover cousas coa mente? A que sabe a cor azul? Pareceríanos normal escoitar estas preguntas nunha conversa entre Harry Potter e os seus colegas. Mais Juan Casto Rivadulla Fernández nunca estivo en Hogwarts. É un neurocientífico galego que responde estas cuestións tan disparatadas mentres nos explica, dun xeito divertido e sinxelo, o funcionamento do cerebro. Queres coñecer as súas respostas?



Despois dunha visita ao que será o seu instituto no curso próximo, David sente que algo non vai ben. As sombras dos lagartos perségueno na rúa, na escola e mesmo na casa, facéndoo lembrar intensamente a aldea dos seus avós, Santo Antón de Piñeiro. David sabe que só alí pode volver ser el mesmo e responder ao seu nome verdadeiro: Arnal. Tampouco pode esquecer a persoa que lle puxo ese alcume, o seu curmán Marcos, un rapaz introvertido que desapareceu misteriosamente e de quen ninguén quere falar. Por iso David está disposto a dedicar todo o verán a procurar a luz nas sombras do seu pasado. Quizais así poida reencontrarse cos seus amigos da primeira infancia, esquecer un pouco o divorcio de seus pais, revelar un segredo familiar oculto e dicir, ben alto, que todas as persoas teñen o dereito de decidiren o seu destino, sexa este o dos lagartos, o das avelaíñas ou mesmo o das bolboretas.



Tras unha día de galerna, Cidade VII foi invadida por un exército adestrado para conseguir unha cidade perfecta. Aqueles soldados altísimos de uniforme negro e cabeza de lobo peiteaban o territorio, rexistraban cada casa, non deixaban nada ao chou. Tiñan instrucións moi claras que cumprir: colleren aqueles que perturbaban o equilibrio social, ás persoas consideradas diferentes, metelas nos camións e trasladalas a Recinto Gris, un lugar habilitado para aloxar os que non encaixaban no seu deseño. Aqueles soldados lobos presentáronse na casa de Nube, unha rapaza incapaz de mentir, coa intención de levala.



Christopher coñece as capitais de todos os países do mundo, pode explicar a teoría da relatividade e recitar os números primos ata o 7.507, pero cústalle relacionarse con outros seres humanos. Gústalle as listas, os esquemas e a verdade, pero odia o amarelo, o marrón e o contacto físico. Aínda que nunca foi só máis aló da tenda da esquina, a noite que o can dunha veciña aparece atravesado por un horcón, Christopher decide iniciar a procura do culpable.


Emulando ao seu admirado Sherlock Holmes -o modelo de detective obsesionado coa análise dos feitos-, as súas pescudas levarano a cuestionar o sentido común dos adultos que o rodean.



Neste thriller psicolóxico onde nada é o que parece. Unha novela de ritmo vibrante que agarra o lector e o conduce aos sumidoiros da condición humana. Unha historia de amor, odio e loucura.




Fiz é o neno máis porco do mundo. Gústalle todo o escatolóxico, como falar coas cacas ou facer cadros abstractos con mocos. De maior quería ser parado de profesión, pero acaba de descubrir que hai un emprego moito máis divertido: Fiz quiere ser debuxante de banda deseñada! Así non pasará fame, din que os artistas viven do aire! Neste libro, o popular personaxe de Kiko da Silva ensínanos como se crea un cómic. Paso a paso, mediante historietas e exercicios, íranos explicando que é e como podemos crear a nosa propia banda deseñada. Será Fiz quen de deixar de facer debuxos de cacas e converterse nun verdadeiro debuxante de cómics? Aprenderá a debuxar cacas hiperrealistas? Prepara os lapis e ven pasalo en grande xunto a Fiz neste curso de cómic.




A POESÍA non morde. E, aínda que haxa quen pense o contrario, non é aburrida, romántica nin difícil. Esta divertida antoloxía poética demostra o contrario. De Rosalía de Castro ás poetas novas, propoñémosche unha viaxe polos poemas máis próximos, divertidos e desenfadados da poesía galega. Poetízate é un libro pensado para as persoas que non están afeitas a ler poesía. ¿Para que? Para cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, rebelarse contra o mundo ou só para falar suave na orella. Este é un libro para sentir, gozar e intuír a poesía. O corpus de «Poetízate» percorre toda a poesía galega desde Rosalía de Castro até a actualidade e consta de arredor de 200 poemas seleccionados de preto de 80 autoras e autores.



# CASTELLANO



Lucía, Frida, Bea y Marta son inseparables, siempre lo han sido y siempre lo serán. Ahora deben enfrentarse a una difícil noticia: ¡Marta y su familia se va a vivir a Berlín! Parece que el mundo se acaba... pero pronto las cuatro amigas decidirán fundar un club que les permitirá estar unidas hasta el fin de los tiempos.



La profesora de lengua, Soledad, está harta de que sus alumnos no se esfuerzan en clase. Su desesperación ha llegado a tal límite, que les comunica una seria noticia: antes de acabar el día, asesinará a uno de ellos, si no consiguen detenerla antes.

A los alumnos les va la vida en ello, así que no perderán un solo segundo. La búsqueda ha comenzado...

CLARA GRIMA


¡QUE LAS  
MATEMÁTICAS  
TE ACOMPAÑEN!




Mira a tu alrededor y pregúntate quién controla el mundo. Efectivamente, el imperio usa las matemáticas para conocer tus gustos, saber qué necesitas y ofrecértelo en unas condiciones muy favorables..., para ellos. El mundo actual está controlado por las personas que saben trabajar con números. Como decía el matemático Edward Frenkel, «la elite que nos controla lo hace con matemáticas».



SI TUVIESES LA OPORTUNIDAD DE EMPEZAR DE CERO, ¿LA APROVECHARÍAS? Ellison Sparks descubre que está reviviendo una y otra vez el mismo lunes de pesadilla. Cualquier otra adolescente hubiese optado por volverse loca, pero Ellison lo ve como una oportunidad. La oportunidad de lograr que sus sueños se hagan realidad y, sobre todo, la oportunidad de recuperar a su novio. Pero, a pesar de sus esfuerzos, las cosas nunca salen como ella desea. ¿Descubrirá Ellie cómo arreglar este día? ¿O quedará atrapada en un lunes de pesadilla para siempre?



Xenia lucha por sacar las mejores notas, impulsada por la ilusión de entrar en Medicina, pero últimamente su rendimiento está bajando. Y es que Xenia se ha enamorado, aunque no de un chico de su entorno, sino de un fantasma, de una voz surgida de Internet con la que comparte su pasión por la lectura. Como Xenia es decidida y su amor virtual se niega a una cita, se propone sorprenderlo, de modo que inicia sus averiguaciones con los pocos datos de que dispone. Y todo resulta ser falso, una mentira, ni la foto ni el nombre son reales. ¿Quién es en realidad su alma gemela?



El día en que Bilbo Bolsón recibe la visita del mago Gandalf y de un grupo de enanos, su plácida existencia de hobbit cambia radicalmente. Elfos, dragones y un anillo mágico se cruzarán en la aventura más fantástica de toda su vida...



Autor de novelas, cuentos y piezas teatrales, Mario Benedetti ocupa también un lugar relevante en el ámbito de la poesía, en el que parte de sus creaciones se han convertido en canción popular. La voluntaria aproximación a la prosa, la construcción de una "épica de lo cotidiano" propiciada por la incorporación de lo social y lo político, el amor y el humor son algunos de los ejes en torno a los cuales giran los versos del gran escritor uruguayo. La presente ANTOLOGÍA POÉTICA, seleccionada por él mismo y presentada por Pedro de Orgambide, constituye una muestra panorámica y difícilmente mejorable de lo más sustancial y conocido de sus versos.